

## Cultura

### Coral Polifónica de A Cañiza

Casa da Cultura de A Cañiza  
Rúa Progreso, s/n – 1º andar  
36880 A CAÑIZA

A Coral Polifónica de A Cañiza, que o pasado mes de novembro de 2.006 celebrou o seu 12º Aniversario, fundouse no ano 1994 pola Concellería de Cultura do Concello de A Cañiza. Na actualidade conta con 34 voces mixtas e é unha agrupación privada e independente, sen ánimo de lucro cun obxectivo prioritario: a divulgación do canto coral e de todos os aspectos relacionados coa cultura musical.

Esta formación estreou tamén o pasado mes de novembro dirección da man de Don Enrique García Vall, organista, director de coro musical e fundador da prestixiosa Coral Casablanca de Vigo. Ata hai uns meses a Coral estaba dirixida por Dona Valentina Dolisnea, quen por motivos familiares tivo que suspender a súa actividade despois de 7 anos ao fronte da coral.

Todos os que coñecen esta agrupación musical coinciden en destacar a súa profesionalidade, disciplina e constancia e aqueles que seguen a súa traxectoria saben que todas as semanas teñen unha cita nas instalacións da Casa de Cultura da Vila para ensaiar durante horas coa mesma ilusión dos primeiros anos. No seu repertorio teñen cabida obras puramente clásicas, pero tamén contemporáneas, relixiosas e populares.

A cotío participan en encontros corais, acontecementos festivos, relixiosos e benéficos. Destacou no seu día pola súa intervención no programa de TVE2 "Desde Galicia para el Mundo" e no programa de TVG "Galicia Enteira". Os membros da coral lembran con agarimo a súa intervención no Centro da Xuventude de Lisboa.

A Coral Polifónica de A Cañiza, a través desta Web, desexa facer un chamamento a todos os afeccionados ao canto coral para que se incorporen a esta formación con ánimo de aprender e divertirse a través do canto e da música.

Don Enrique García Vall é o novo director da Coral Polifónica de A Cañiza.

García Vall, licenciado en Filosofía e Letras, estudou Música Superior na Universidade de Texas. Cunha espléndida e dilatada traxectoria profesional musical, destacou como organista e director en varios coros de Madrid, Barcelona, Valladolid, León, Bilbao e Santander. No estranxeiro actuou en Holanda coa Philips de Hilversum e en EE.UU. actuou como solista na Academy Of Music, en concertos con Cleveland Orchestra e multitude de actuacións en escenarios tan prestixiosos como o Lincoln Center de New York. Fundou a recoñecida Coral Casablanca de Vigo e dirixiu os seus primeiros concertos. Na actualidade dirixe o Coro e Grupo de Cámara de Baredo e Baiona.

